

ACTA NUM. 1/12

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas trinta minutos do día vinteseis de xaneiro de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M^a Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. María Margarita Canay Pintos.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

1.- APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR.

2.- XUIZ DE PAZ TITULAR .

3.- LIÑA DE ALTAS PRESTACIONS A GALICIA TRAMO OURENSE VIGO.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta anterior de data 15.12.2011, non se formulan observacións á mesma aprobándose por unanimidade.

2.- XUIZ DE PAZ TITULAR .

Polo Sr. Alcalde dase conta dos seguintes antecedentes:

-Escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 07.12.2011, polo que comunican que aceptaron a renuncia ao cargo de Xuíz de Paz titular deste concello formulada por María Fernanda Magariños Sabarís, oficiando a este Concello para que se inicie novo expediente para eleixir Xuíz de Paz titular deste Concello, no prazo de 3 meses.

-En cumprimento do establecido no artigo 101 e concordantes da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial, anunciouse mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 243 de data 21.12.2011 e mediante bandos, a convocatoria pública para a provisión do cargo de Xuíz de Paz titular deste Concello.

-En cumprimento do establecido no artigo 5 do Regulamento nº 3/1995, de 7 de xuño dos Xuíces de Paz, enviouse edicto da convocatoria pública ó Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Caldas de Reis e ó Xulgado de Paz de Barro, para a súa exposición pública nos seus taboleiros de anuncios.

-Durante o prazo de presentación de solicitudes que foi do 22 de decembro de 2011 ó 14 de xaneiro de 2012, presentaron solicitude os seguintes aspirantes:

- Mª Elena Porta Liñares, titular do D.N.I. nº 76.824.612-N.
- Luis Angel Pintos Güimil, titular do D.N.I. nº 76.829.935-E.
- Rosa María Ruibal Solla, titular do D.N.I. nº 77.414.506-W.
- María José Alfonso Abal, titular do D.N.I. nº 76.865.732-P.
- Evaristo Santamaría Guillán, titular do D.N.I. nº 35.459.378-W.
- Santiago Fariña Amor, titular do D.N.I. nº 76.863.011-R.

O Sr. Alcalde sinala que conforme establece a lei corresponde ó pleno a elección de candidato a Xuíz de Paz e o nomeamento ó Tribunal Superior de Xustiza, nembargantes tendo en conta que no seu día a elección de candidato deu lugar a polémica, propón que se remitan as solicitudes o Tribunal Superior de Xustiza para que proceda a designación do Xuíz de Paz

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abrales mostrando a conformidade coa proposta do Sr. Alcalde.

O portavoz Sr. Sanmartín Soto, mostra tamen a conformidade do seu grupo coa proposta.

Sometido o asunto a votación, acordase por unanimidade:

Dar traslado de copia das solicitudes presentadas e documentación aportada, a fin de que polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se designe ó Xuíz de Paz titular entre os aspirantes presentados.

3.- LIÑA DE ALTAS PRESTACIONS A GALICIA TRAMO OURENSE VIGO.

Dase conta de escrito do Ministerio de Medio Ambiente de data 07/12/2011 ref: SGEA/PRM/pff/20110400FCA dando traslado do proxecto “ LINEA DE ALTAS PRESTACIONES A GALICIA. TRAMO: OURENSE VIGO, COMO MODIFICACION DEL TRAZADO DEL “ESTUDIO INFORMATIVO DEL PROYECTO DA LA NUEVA LINEA DE ALTA VELOCIDAD DE OURENSE A VIGO”, para a determinar si o proxecto debe someterse ou non ó procedemento de avaliación de impacto ambiental para a valoración polo concello sobre a existencia de impactos significativos.

O Sr. Alcalde manifesta as súas dúbidas sobre a execución deste proxecto e da conta que a variación do trazado proposto supón un novo trazado para o termo

municipal de Barro, que discurre na súa maior parte en tunel polo monte para enlazar co ferrocarril existente no termo municipal de Pontevedra e remarca que si ben evita o impacto sobre núcleos habitados ten un alto impacto medioambiental para unha zona do monte na que se sitúa o humedal das Brañas, nunha ampla zona do monte Acibal que abarca terreos do concello de Moraña e Barro de interese medioambiental, por tratarse dunha zona de pasto para o gando nos que se sitúan a maior parte das captacións de auga potable do abastecimento municipal de Barro e propón dar conta deste feito o Ministerio para que se teña en conta esta circunstancia na elaboración do proxecto, con un desplazamento do trazado e a adopción de medidas correctoras necesarias para evitar a afección ós acuíferos pola necesidade de garantir os caudais de auga necesarios para o abastecimento municipal.

Sr. Fernandez Abrales, sinala que a pesares das dúbidas sobre a inversión necesaria para levar a cabo o proxecto algun día, o novo trazado supón unha variación sobre o anterior evitando a afección a núcleos de poboación do Concello de Barro como Porrans, o que supón haber recollido as demandas dos propios veciños afectados, e polo que se refire a afección ás captacións de auga do Concello entende oportuno poñelo de manifesto ó Ministerio correspondente, tendo en conta existen métodos constructivos ou alternativas que permitirían manter os caudais necesarios para o suministro de auga potable á poboación do Concello.

Sr. Sanmartín Soto, coincide na oportunidade de recordarlle ó Ministerio a posible afección ó abastecimento de auga municipal e remarca a sintonía do Ministerio de Fomento coa plataforma veciñal dos afectados polo proxecto durante a etapa de goberno do PSOE e que se concreta na variación do trazado.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 26/01/2012.

Sometido a asunto a votación acórdase por unanimidade:

Primeiro.- Por de manifesto ó Ministerio de Medio Ambiente que o trazado proposto ten un alto impacto ambiental sobre terreos do Monte Acibal nos que se sitúa o amplo Humedal das Brañas e as captacións da maior parte do volumen da auga do abastecimento municipal do Concello de Barro.

Segundo.- Considerar que o trazado proposto produce un alto impacto ambiental sobre a zona do Humedal que se podería evitar con desplazamento do trazado da liña do tren cara o sur e solicitar que se fagan as previsións necesarias para evitar impacto ambiental negativo sobre o humedal, os acuíferos e as captacións do Concello de Barro e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir o volumen da captación de auga para o abastecimento municipal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino xunto co informe técnico municipal.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

R.1. Sr. Fernandez Abraldes, roga que no vial do Outeiro que da acceso o Insitituto se coloquen bandas sonoras polo excesiva velocidade coa que circulan a menudo os vehiculos e polo risco que isto supon para a seguridade.

P.2. Sr. Fernandez Abraldes, pregunta pola falta das vallas protectoras no vial da rotonda perto do tanatorio porque se trata dun vial sin saída que da a un desnivel co conseguinte risco para a seguridade vial .

Sr. Alcalde, que as vallas estaban colocadas e desapareceron, como tamén sucedeu con vallas situadas en outros viais municipais e pezas de ferro como tapadeiras de arquetas que desaparecen con frecuencia .

P.3. Sr. Sanmartín Soto, fai constar que foron arranxados os baches do vial de Sequeiros que vai ó lugar de Couso na parroquia de Curro e roga se retiren os postes da estrada provincial de Perdecanaí e da estrada provincial de Agudelo.

Sr. Alcalde, que aínda están en execución as obras de ampliación que está levando a cabo a Deputación Provincial nos dous viais prevendose a colocación dos postes cando estas rematen.

P.4. Sr. Sanmartín Soto, plantexa a colocación duha marquesina fronte a estación da Portela para os nenos que agardan polo transporte escolar.

Sr. Alcalde, que na edificio da estación hai espacio protexido para agardar polo autobus.

Sr. Sanmartín Soto, que o problema de seguridade para os nenos dáse porque o autobus ten a parado do outro lado da estrada obrigando os nenos a cruzar co risco que isto conleva.

Sr. Alcalde, que habería que conseguir o terreo necesario para a instalación da marquesina.

P.5. Sr. Sanmartín Soto, pregunta pola situación do mercadillo municipal e o atranco dos accesos os garaxes dos residentes na rua das Baladas e pregunta tamén si os adxudicatarios da súa xestión van a pagar a débeda que teñen pendente co concello dente fai catro anos.

Sr. Alcalde, que para garantir o paso para os veciños xa se tomaron medidas e polo que se refire o pago do canon a recaudación dos importes pendentes requeriuse polo concello o seu abono o adxudicatario e o non habelo feito deuse traslado o ORAL dos expedientes de recaudación para o seu cobro na via executiva

Sr. Fernandez Abraldes, sinala que en todo caso é responsabilidade do concello esixir o cumprimento do contrato polos adxudicatarios.

Sr. Alcalde, aclara que os que xestionan o mercadillo comportanse como mafias coas que e moi difícil loitar e conseguir que cumplan coas súas obrigas.

Sr. Sanmartín Soto, propón que se consitua unha asociación de comerciantes que se encargue da xestión do mercadillo.

A sesión rematou ó fio das vinteunha horas Dou fe.